



CONCELLO  
DA  
POBRA DO CARAMIÑAL  
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

## PROPOSTA ALCALDÍA APROBACIÓN REGULAMENTO PARA OS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS DA POBRA DO CARAMIÑAL

A participación cidadá debe ser un dos piares fundamentais no que se sustente a acción de goberno de calquera administración, pero de maneira máis acentuada no caso da municipal, pois a proximidade coa cidadanía así o esixe. O contacto directo coa veciñanza permite a satisfacción das necesidades reais e prioritarias para a poboación. Por todo isto faise necesaria a aprobación dun regulamento de Orzamentos Participativos (OP) que estableza as canles de comunicación necesaria e os espazos de decisión nos que todos os veciños e veciñas podan participar.

A democracia participativa debe ser esa ferramenta que permita que a cidadanía participe no deseño das políticas municipais e teña tamén a oportunidade de avaliar as actuacións derivadas delas. A veciñanza debe ter acceso aos criterios técnicos e administrativos para poder decidir con liberdade e responsabilidade, polo tanto a comunicación previa é imprescindible, con toda a achega documental posible. Para que os OP funcionen realmente é necesario activar á cidadanía e facela consciente das súas capacidades á hora de influír directamente na acción de goberno.

O artigo 46 do Regulamento de Participación Veciñal do noso Concello, aprobado definitivamente no Pleno celebrado o pasado 23 de febreiro (Bop nº 43, de 3 de marzo), anticipaba xa a intención do Concello de promover *“un regulamento específico que desenvolva e defina as condicións nas que, de xeito progresivo, os diversos colectivos cidadáns poidan participar activamente na elaboración dos orzamentos municipais en materias que sexan do seu especial interese, que respondan a unha sensibilidade social claramente detectada ou obedezan a criterios de interese social”*.

En cumprimento de dita previsión tense o proxecto de Regulamento que se xunta como Anexo á presente proposta, que establece os seguintes PRINCIPIOS FUNDAMENTAIS para a súa axeitada aplicación, que deben cumprirse para que realmente se acade unha xestión óptima dos recursos municipais.

1. Promoción da participación cidadá.
2. Transparencia: Establecer canles de comunicación e información sobre todos os asuntos públicos.
3. Igualdade de oportunidades para todos os grupos sociais, con especial referencia ás mulleres, menores e grupos en risco de exclusión.
4. Tolerancia: Recoñecemento e respecto fronte á diversidade de opinións, para así poder chegar acordos a partir do diálogo.
5. Eficacia e eficiencia: Optimización dos recursos orzamentarios.
6. Corresponsabilidade: Debe darse entre os diferentes axentes na identificación dos problemas a resolver e nas propostas formuladas para as súas posibles solucións.
7. Solidariedade: Debe existir disposición para asumir os problemas das outras persoas como propios, construíndo un proxecto común en beneficio do conxunto da cidadanía.

Os OP deben así mesmo garantir o equilibrio territorial entre as diferentes zonas do concello.

8. Respecto aos acordos: a participación cidadá fundaméntase no compromiso de levar adiante, por parte de todas as persoas implicadas, as decisións acordadas.

**Visto o anterior propono ó Pleno do Concello a adopción do seguinte ACORDO:**

A aprobación do Regulamento de Orzamentos Participativos da Pobra do Caramiñal, cuxo texto se xunta como Anexo á presente proposta.

A Pobra do Caramiñal, á data da sinatura dixital,

O Al calde,



CONCELLO  
DA  
POBRA DO CARAMIÑAL  
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

## ANEXO

### REGULAMENTO PARA OS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS DA POBRA DO CARAMIÑAL

#### LIMIAR

A participación cidadá debe ser un dos piares fundamentais no que se sustente a acción de goberno de calquera administración, pero de maneira máis acentuada no caso da municipal, pois a proximidade coa cidadanía así o esixe. O contacto directo coa veciñanza permite a satisfacción das necesidades reais e prioritarias para a poboación. Por todo isto faise necesaria a aprobación dun regulamento de Orzamentos Participativos (OP) que estableza as canles de comunicación necesaria e os espazos de decisión nos que todos os veciños e veciñas podan participar.

A democracia participativa debe ser esa ferramenta que permita que a cidadanía participe no deseño das políticas municipais e teña tamén a oportunidade de avaliar as actuacións derivadas delas. A veciñanza debe ter acceso aos criterios técnicos e administrativos para poder decidir con liberdade e responsabilidade, polo tanto a comunicación previa é imprescindible, con toda a achega documental posible. Para que os OP funcionen realmente é necesario activar á cidadanía e facela consciente das súas capacidades á hora de influír directamente na acción de goberno.

Polo tanto este regulamento establece uns principios fundamentais para a súa axeitada aplicación, que deben cumprirse para que realmente se acade unha xestión óptima dos recursos municipais.

- Promoción da participación cidadá.
- Transparencia: Establecer canles de comunicación e información sobre todos os asuntos públicos.
- Igualdade de oportunidades para todos os grupos sociais, con especial referencia ás mulleres, menores e grupos en risco de exclusión.
- Tolerancia: Recoñecemento e respecto fronte á diversidade de opinións, para así poder chegar acordos a partir do diálogo.
- Eficacia e eficiencia: Optimización dos recursos orzamentarios.
- Corresponsabilidade: Debe darse entre os diferentes axentes na identificación dos problemas a resolver e nas propostas formuladas para as súas posibles solucións.
- Solidariedade: Debe existir disposición para asumir os problemas das outras persoas como propios, construíndo un proxecto común en beneficio do conxunto da cidadanía. Os OP deben así mesmo garantir o equilibrio territorial entre as diferentes zonas do concello.
- Respecto aos acordos: a participación cidadá fundaméntase no compromiso de levar adiante, por parte de todas as persoas implicadas, as decisións acordadas.

## Capítulo 1.- Disposicións xerais.

**Artigo 1.-** O presente regulamento será a normativa que rexerá o proceso de elaboración dos orzamentos participativos (OP) no concello da Pobra do Caramiñal, que deberá darse a coñecer a toda a poboación do municipio, empregando todos os medios de comunicación municipais (páxina web, redes sociais, portal da transparencia, paneis informativos, taboleiros de anuncios, ...).

**Artigo 2.-** O Goberno Municipal comprométese a incluír nos Orzamentos Municipais, que se presenten para a súa aprobación polo Pleno da Corporación Municipal, as partidas necesarias para poder realizar as actuacións aprobadas mediante o proceso participativo que recolle este regulamento.

**Artigo 3.-** Estableceranse mecanismos de avaliación das actuacións aprobadas mediante os OP e do funcionamento do presente regulamento, de cara a acadar a maior eficacia posible en vindeiros exercicios.

**Artigo 4.-** Establécense dúas modalidades de espazos de participación diferenciados: o ámbito territorial e o ámbito sectorial.

## Capítulo 2.- O ámbito territorial.

**Artigo 5.-** No ámbito territorial decidirase directamente en que se inviste o orzamento dispoñible para unha determinada zona do concello.

**Artigo 6.-** Establécense 8 zonas dentro da parte rural do concello e 2 máis pertencentes ao casco urbano, que son as seguintes:

- **Zona 1 Ribeiriña-Conchido:** Inclúe todo o territorio situado ao sur da autovía do Barbanza no tramo que vai dende o termo municipal de Boiro ata a saída Norte da Pobra do Caramiñal. Forman parte desta área os núcleos da Ribeiriña, O Conchido e O Freixo.
- **Zona 2 San Isidro:** Sería todo o territorio situado ao Norte da autovía do Barbanza e establecendo como límite polo Oeste o río Pedras. Inclúe os lugares de Ouxo, Vilariño, Os Casás, Pumadiño, As Taras, San Paio, San Isidoro, Rego da Horta, A Recosta, A Conga, Armental, Vilas, Foxo e O Cruceiro Novo.
- **Zona 3 Angustia-A Lomba:** Delimitada pola autovía do Barbanza ao Norte e extendéndose ata o río Lérez. Conta cos seguintes núcleos de poboación: A Mercé, A Angustia, Saborido, A Lomba, Crocha de Levante, As Pontes, O Inferniño, Portofreixo, O Batán (inclúese a pesares de situarse ao norte da autovía, pois comunícase co resto do concello a través desta zona).
- **Zona 4 Pontebarbanza-Crocha:** Correspóndese coa zona comprendida entre o río Pedras e o Lérez e situada ao sur da autovía do Barbanza. Os núcleos de poboación son: A Barreira, Campomuíños, San Quelexo, Crocha de Poniente, Portocarro, Pontebarbanza, O Hórreo e Río Lérez.



CONCELLO  
DA  
POBRA DO CARAMIÑAL  
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

- **Zona 5 Santa Cruz:** Inclúe toda a zona situada ao Oeste do Río Pedras ata a estrada AC-302 e o río Manle, excluindo o territorio pertencente ao casco urbano. Inclúe os seguintes núcleos de poboación: Aldea Vella, Santa Cruz, Roupión, A Banda, Baltar, Paio, Portocarro, A Granxa, Freán, Rosamonde, Cortizo, Pedriñas, Gándara, Os Vilares, Lesón, Quintáns, Rego, Tarrío, Colo de Arca, Romeiras e Casaqueimada.
- **Zona 6 Camiño Ancho:** Delimitada pola AC-302 e o río Manle ao Este e o río Morto ao Oeste, pero incluíndo tamén o núcleo da Tomada. Pertencen a esta zona os lugares de Camiño Ancho, A Baiuca, A Figueira, A Pedreira, Gonderande, A Pontenaveira, Río Morto e A Tomada.
- **Zona 7 Campiño:** Dende o río Morto ata o termo municipal de Ribeira. O límite coa zona 8 establécese nos lugares do Outeiro e o Castro, que pertencen a esta zona. Inclúe os núcleos de Banda Ó Río, Sobral, A Mirandela, As Carrouchas, Xunqueiras, O Campiño, As Pedriñas, Caíños, Cercias, Outeiro, O Castro, Bandaseca, A Devesa, Casanova
- **Zona 8 Maño:** Toda a península do Xobre ata os lugares da Silva e de Arcebispo (incluídos) e polo Oeste chega ata a praia da Corna. Conta cos seguintes núcleos: Arcebispo, Laxe, Lombiña, A Costa, A Garita, Os Areos, Cabío, Vilariño, O Xobre, A Ponte, A Silva.
- **Zona 9 Caramiñal:** A parte do casco urbano que pertence á parroquia de Santa María a Antiga.
- **Zona 10 Castelo:** A parte do casco urbano que pertence ás parroquias de Santiago do Deán e Santa Cruz.

### Capítulo 3.- A distribución do orzamento.

**Artigo 7.-** O concello establecerá previamente á elaboración dos Orzamentos Municipais dúas contías diferentes, unha para a zona rural do concello e outra para o casco urbano. No caso do centro da vila dita cantidade repartirase a partes iguais entre as dúas zonas. A cantidade reservada para as oito zonas rurais repartirase seguindo dous criterios: a poboación e a extensión da rede viaria. O procedemento para establecer a contía exacta que corresponderá a cada zona será o seguinte:

1. A cantidade inicial dividirase en tres partes: unha que constituirá o 20 % e outras dúas do 40 %.
2. O 20 % dividirase equitativamente entre as oito zonas, establecendo unha cantidade igual de partida para cada unha.
3. Un 40 % distribuirase en función do criterio de poboación, segundo a seguinte fórmula:  
$$\text{Poboación da zona} \times \text{Partida Orzamentaria} / \text{Poboación total}$$
4. O outro 40 % distribuirase en función da lonxitude da rede viaria de cada zona, segundo a seguinte fórmula:  
$$\text{Km viarios da zona} \times \text{Partida Orzamentaria} / \text{Km viarios totais}$$
5. A suma dos tres resultados establecerá a cantidade exacta asignada a cada zona.

#### **Capítulo 4.- A toma de decisións.**

**Artigo 8.-** O concello elaborará unha serie de propostas de actuación para cada zona, que contarán cada unha delas co correspondente orzamento. Non se establece un número mínimo nin máximo. Para establecer este elenco celebraranse asembleas veciñais onde a veciñanza poda propoñer as inversións que considere máis necesarias para a súa zona. O Goberno Municipal tamén poderá recoller propostas de veciños e veciñas de maneira individual ou a través de asociacións veciñais ou doutro tipo (comunidades de montes, culturais, etc.). Así mesmo, deberán terse en conta as mocións aprobadas no Pleno da Corporación Municipal. O Goberno Municipal tamén poderá engadir algunha proposta propia, motivada por informes técnicos que manifesten a necesidade dunha actuación determinada. As grandes obras de saneamento, asfaltado de estradas, construción de novas dependencias municipais, renovación do alumeadado ou calquera outra que precise dun gran orzamento non se incluírán nos OP, nunca sería posible realizalas, pois a contía asignada á zona correspondente non sería suficiente para levalas a cabo.

**Artigo 9.-** Os servizos técnicos e xurídicos municipais informarán da legalidade das propostas recollidas e da súa viabilidade, ditaminando favorablemente aquelas que sexan de competencia municipal, enmarcándoas nunha das áreas de xestión municipal, para que chegado o momento podan incluírse nos Orzamentos Municipais, se finalmente se aproban. Unha vez establecido o elenco de propostas de actuación para unha zona determinada, o Goberno Municipal encargárase de conseguir as propostas de orzamentos necesarios para cada actuación, elaboradas por técnicos municipais ou externos.

**Artigo 10.-** Para seleccionar as propostas o concello celebrará asembleas veciñais nas dez zonas, onde os veciños e veciñas votarán por cada unha delas establecendo o seguinte sistema de valoración: a puntuación máxima virá indicada polo número de actuacións propostas, e dende aí en sentido descendente en función da preferencia, de tal maneira que se son oito as propostas, a máis valorada recibirá oito puntos e a menos valorada un punto. Será obrigatorio puntuar todas as opcións, do contrario o voto declararase nulo. O censo de posibles votantes estará constituído por todas as persoas censadas na zona e que sexan maiores de idade, feito que deberán acreditar antes de exercer o seu dereito ao sufraxio.

**Artigo 11.-** Para fomentar a participación e permitir o exercicio do sufraxio a todas as persoas que por motivos de traballo ou saúde non poden asistir ás asembleas, ou incluso porque simplemente non desexen participar dese xeito, o concello habilitará unha sistema de votación a distancia, que debe garantir os dereitos da cidadanía a emitir o voto segredo e de maneira segura, evitando calquera forma de fraude electoral. O voto telemático emitirase da mesma maneira e cos mesmos condicionantes que o presencial, valorando xerarquicamente as diferentes propostas.

**Artigo 12.-** Unha vez establecidas as puntuacións para cada unha das actuacións propostas, escolléranse as primeiras que reciban máis puntuación, ata esgotar o orzamento. En ningún caso se poderá exceder a cantidade establecida para esa zona. É previsible que a suma dos orzamentos das actuacións escollidas non se axuste con exactitude á contía asignada. Poderá



CONCELLO  
DA  
POBRA DO CARAMIÑAL  
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

completarse na procura do mellor axuste posible con algunha das obras non preseleccionadas. Se aínda así o axuste non é exacto, a diferenza pasará a unha bolsa de remanentes das diferentes zonas, que xestionará o Goberno Municipal na procura de incluír, de ser posible, algunha actuación extra de calquera das zonas, baseándose na puntuación obtida e tratando de conseguir que non quede ningún remanente ou este sexa o menor posible.

**Artigo 13.-** No caso de empate no número de votos entre dúas actuacións escollerase a obra que máis se axuste ao orzamento asignado. Se aínda así continuara o empate, realizaríase a escolla mediante sorteo.

**Artigo 14.-** O concello publicará previamente á celebración das Asembleas Veciñais o elenco de propostas para cada zona, empregando as redes sociais, a páxina web municipal, nos taboleiros de anuncios, nos paneis informativos e mediante calquera outro medio do que poda dispoñer.

**Artigo 15.-** As propostas que non se aproben nas asembleas veciñais constituirán unha bolsa de actuacións pendentes, que o concello, en función da dispoñibilidade orzamentaria ou posibles aforros procedentes da licitacións de obras, tratará de realizalas no propio exercicio no que foron desbotadas. E nas situacións nas que nunha zona existan varias actuacións necesarias e moi urxentes, que de non levarse a cabo xeren importantes prexuízos á cidadanía e á súa calidade de vida, poderá incluírse unha partida específica nos orzamentos para poder resolver a situación da maneira máis inmediata posible.

#### **Capítulo 5.- O ámbito sectorial**

**Artigo 16.-** No ámbito sectorial non será posible a decisión directa, senón que os diferentes órganos de participación, os denominados Consellos Sectoriais, creados tal e como se recolle no Regulamento de Participación Cidadá do concello da Pobra do Caramiñal, terán unha función propositiva e establecerán as liñas básicas de actuación en cada sector.. A toma de decisións será acorde ao que se estableza nos correspondentes regulamentos de funcionamento de cada un dos consellos, que deberán axustarse ao previsto para os órganos colexiados no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei de Réxime Xurídico do Sector Público, e que deberá ser ratificado polo propio Pleno.

**Artigo 17.-** As propostas emanadas dos Consellos Sectoriais referiranse exclusivamente ao seu ámbito de actuación específico. A Asemblea Veciñal e o Consello de Participación Veciñal poderán propoñer actuacións a nivel da totalidade do municipio, como ben establecido no Regulamento de Participación Cidadá.